



Quero escribir literatura

Manuel Veiga Taboada



1.^a edición, 1.^a impresión, 2024

Polo texto: © Manuel Veiga Taboada, 2024

Polas ilustracións: © Miguel Robledo, 2024

Aira, 2024

© Follas Voadoras, SL
Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo
32660 Allariz

contacto@airaeditorial.gal

Entra en airaeditorial.gal e coñece
as vantaxes de subscribirte ao CLUB AIRA
Deseño e maquetación: Miguel Robledo

Impresión e encadernación: Mundo

ISBN: 978-84-128581-1-2
Depósito legal: OU 73-2024

Axúdanos a manter en pé o ecosistema do libro. Se necesitas fotocopiar ou
escanear algún fragmento deste libro, comunícame co Centro Español de
Dereitos Reprográficos (CEDRO): conlicencia.com.

Reservados todos os dereitos. Esta obra está protexida pola lei.



Que necesito
para escribir
PÁX 7

Os perigos do
«balconing»
PÁX 13

Antes que letones
fomos «escritores»
PÁX 17

Como formamos
bos diálogos
PÁX 21

A poesía, un baile
con palabras
PÁX 27

Como distinguir
o literario do que
non o é
páx 35

Os secretos da
narración convencional
páx 39


Os temas,
os personaxes,
o suspense!!!
páx 43

Xela Jáime & ler
a súa primeira novela
páx 51

Unha nota e
unha recomendación
final
páx 59



Virginia Woolf



QUE NECESITO PARA ESCRIBIR

Que necesito? Un lugar propio, como pedía Virginia Woolf na súa obra *Un cuarto de seu*? Boa conexión á internet e un portátil novo? Ter boas notas ou unha preparación académica específica? Acaso unha disposición particular, como estar inspirado? Ou vestir dunha forma concreta?

Aínda hai quen pensa que escribir é propio de persoas un pouco raras. Antes tamén había quen opinaba que a verdadeira literatura era a que nacía baixo o efecto dalgunha droga ou do alcohol. Non obstante, un dos máis famosos escritores alcohólicos, Charles Bukowski, descubriu case ao final da súa vida que cando non bebía podía escribir igual de ben.

En realidade, o bo de escribir é que non necesitas nada, nin sequera ser unha persoa especial. Abonda cun bolígrafo

e papel en branco. Podes escribir na casa, nunha cafetaría ou nun banco do parque. Se o intentas, comprobarás que se pode escribir mesmo nun sitio ruidoso. Ás veces escíbese mellor nun lugar estraño, porque fai que un sinta a mente máis solta. Houbo quen escribiu poemas na cama, á luz dunha vela, e morreu porque lle caeu a vela e provocou un incendio.

Joseph Conrad, que traballou vinte anos no mar antes de facerse escritor, xa dixo isto mesmo: «Os libros poden escribirse en toda clase de lugares. A inspiración verbal pode chegar no camarote dun mariñeiro, a bordo dun buque atoado polo xeo ou no medio dunha cidade».

Escribir non depende tampouco da idade, de se es home ou muller, de se es rico ou pobre. Escribir é unha das prácticas artísticas máis democráticas.

Tampouco é imprescindible contar cun vocabulario extenso. Un grande escritor como Franz Kafka servíuse dunha escasa variedade de palabras para escribir *A metamorfose*. E non se pode dicir que Ánxel Fole usase un léxico moi amplo, o que non lle impediu escribir fermosos contos que enlazan o realismo co misterio. A literatura non é, por tanto, un desfile de expresións interesantes, senón a colocación no seu lugar das máis apropiadas.

Tamén é verdade que hai cousas que, de telas, che van resultar beneficiosas. É magnífico dispoñer de tempo, pero un pode ter unha boa idea nunha pausa do traballo ou en canto coida do neno, que tamén é un traballo, e redactala despois. Nos tempos en que non había ordenadores e nin sequera se podía gastar moito papel, os escritores maduraban as súas ideas na cabeza, por exemplo mentres camiñaban. Ás veces levaban o texto aprendido de memoria e cando chegaban á casa só tiñan que pasalo a limpo. Os ordenadores son cómodos porque podemos corrixir facilmente, pero non debería-



mos esquecer esta capacidade dos nosos antepasados inmediatos.

E, por suposto, é bo, mesmo imprescindible, ler bastante. Podes aproveitar que desexas escribir para compartir esa ansia coa da lectura. Unha afección alimentará a outra e ambas combinan moi ben.

Tamén é probábel que as túas lecturas inflúan na túa forma de escribir, así que o mellor é que escollas ben o que les. Hai libros de calidade para todos os gustos. E sempre encontrarás amigos ou profesores que poidan servirche de guías. Se, ao principio, pensas que imitas demasiado os autores ou autoras que máis che gustan, non te preocupes. É lóxico e pouco a pouco irás encontrando a túa propia voz.

Con todo, o máis importante é que che apeteza facelo, que sintas dentro esa necesidade de contar algo, de expresarte. Verás que, aínda que o escrito non che resulte de momento satisfactorio, o mundo parecerá de repente máis ordenado e máis interesante. Terás tamén maiores desexos de observar as outras persoas, de poñerte no seu lugar, e con iso conseguirás entendela mellor. Ese é, sen dúbida, o maior beneficio que proporciona a escritura: a empatía.

Agora talvez che gustaría saber algo sobre o éxito e a fama. Pero só te atreves a preguntar se poderías vivir da escritura.

Incluso esa non é unha pregunta fácil. Intentaremos dedicarlle unhas liñas ao final do libro.

Digamos, de todos os modos, que antes de empezar debes decidir se o que che gusta é escribir ou ser escritor/a, porque ambas cousas, aínda que non o pareza, son bastante distintas.

Pertencer ao que se supón que é o mundo da cultura e dos escritores, co seu ambiente e o seu estilo, supoñendo que iso exista na realidade, é moi distinto de pasar horas meditando, sen conseguir escribir nada bo, mentres os amigos se divirten. Para ser escritor ou escritora é necesaria certa entrega, renunciar ás veces a outras afeccións e non desesperar pola falta de resultados inmediatos.



Pero non te desgustes, porque iso é máis ou menos o mesmo que se necesita para facer ben calquera traballo. Non esquezas que, en parte, trátase diso, dun traballo, aínda que algo especial. O novelista portugués e premio Nobel, José Saramago, comparouse a si mesmo, en varias ocasións, cun carpinteiro.